

SMS FATAL

Ocorreume unha vez unha historia que xamais poderei esquecer.

Todo pasou unha noite, eu dirixíame á miña casa cando alguén me chamou ó móbil e, isto foi o que me dixó:

-A túa amiga matarei e o meu camiño seguirei.

Logo de dicir iso colgou. Pensei que era algún amigo que me quería gastar unha broma e non lle dei importancia. Fun para á casa e durmín. Á media noite volvéronme chamar, esta vez non collín o teléfono.

Á mañá seguinte, Kate, unha das miñas amigas faltou ao colexio. Non se sabía por que, e eu comecei a preocuparme pola chamada que me fixeran a noite pasada. Pola tarde, Megan, a irmá de Kate chamoume moi angustiada, case non podía falar, pero dixó:

-Onte pola noite, a esa das doce, un home con capucha e unha máscara branca na cara, entrou no cuarto de Kate e... e... e... matouna. Zudei de pedra, caeume o teléfono da man e murmurei:

-Non pode ser... non pode ser certo... Isto non me pode estar pasando a min...

Pasaron uns meses dende o de Kate, e xa case o tiña esquecido, ata que a media noite, volvéronme a chamar, collino e... esa voz misteriosa...

-Zuen é vostede e por que lle fixo iso á miña amiga?- dixen angustiada e un pouco asustada.

-Seguirei e seguirei e a ti te atoparei...- dixó a voz.

Logo diso non se volveu escoitar nada. Eu dixen: Ola!. Hai alguén aí... Ola!...

Asusteime pensando que agora viría por min.

Ó día seguinte á mesma hora, volveume a chamar:

-Dêixame xa, xa conseguiches o que querías, non?, querías asustarme, pois conseguíchelo, e agora pídocho, dêixame en paz...- dixen eu tremendo e coa voz chorosa.

-Ata atoparte non pararei, e contido darei...

Empecei a coller medo e escondinme nun recuncho da miña casa, ese día estaba eu soa. Notei que alguén entraba pola porta e tremendo cerrei a porta do cuarto no que estaba. Alguén me oíu e abriu a porta. Vin un home con capucha e... Como se alguén me mandase escribín no móbil: "Estou a soñar. Estou a soñar e cando esperte xa non estarás". Enviei o SMS ó número das chamadas que recibía todas as noites e... De repente, o home coa capucha desapareceu!

No móbil había escrito, SMS fatal, erro, mensaxe non enviada, e..., un segundo despois....

-Aaaaaahhhhhhh! Socorro!- berrei eu.

E xamais, xamais volvín sentir nada: nin medo, nin dor, nin frío, nin alegría... Será porque a miña vida rematou, pero... non pensedes que agora xa non existo porque estou aquí convosco, vixiándovos e protexéndovos de todos os males que vos roldan.

Jennifer Torres Mira 1ºB